

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
263/2024	A Xunta de Goberno Local	05/11/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIA DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 263/2024. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DE BEIRRARRUAS NA LAGOA (SAN COSME) E OUTROS (POS ADICIONAL 2/2023).

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	n.º/Data
Proxecto Técnico	Xaneiro do 2023
Acta de replanteo previo	24/01/2023
Memoria xustificativa do contrato	05/04/2024
Providencia de Alcaldía	15/04/2024
Informe de Secretaría	2024-0302
Prego de Cláusulas Administrativas particulares	09/09/2024
Proposta de Resolución - aprobación do expediente	PR/2024/131
Informe de Fiscalización fase A	2024-0058
Acordo da XGL de aprobación do expediente	24/09/2024
Anuncio de licitación	25/09/2024
Acta Unidade Técnica de valoración	10/10/2024
Requirimento de xustificación de oferta anormalmente baixa	10/10/2024
Documentación xustificación de oferta	2024-E-RE-1682
Remisión a técnicos	2024-S-RE-1709
Informe sobre xustificación de oferta anormalmente baixa	2024-E-RE-1708
Acta Unidade Técnica de valoración	22/10/2024



Requirimento de documentación previa á adxudicación	22/10/2024
Documentación previa á adxudicación	2024-E-RE-1757
Acta Unidade Técnica de valoración	28/10/2024

SEGUNDO. Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de Contrato	OBRAS
Subtipo do contrato:	Mellora de Beirarrúas
Obxecto do contrato:	BEIRARRUAS NA LAGOA (SAN COSME) E OUTROS (POS ADICIONAL 2/2023)
Código CPV	45233340-4 - Traballos de cimentación de beirarrúas
Procedemento de contratación:	Aberto Simplificado Sumario (PASS)
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	37.216,27 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	37.216,27 €
IVE %:	7.815,42 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	45.031,69 €
Duración do contrato	6 Meses

TERCEIRO. Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado sumario.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30 /2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.



— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Vista a proposta de resolución PR/2024/197 de 28 de outubro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 30 de outubro de 2024.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato de BEIRARRUAS NA LAGOA (SAN COSME) E OUTROS nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a PAVIMENTOS NOIA OBRAS E CONTRATAS S.L por un importe total de 43.529,75 euros, IVE incluído.

SEGUNDO. Son características e vantaxes determinantes de que sexa seleccionada a oferta presentada polo citado adxudicatario con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes: a obtención da maior puntuación na licitación, tanto con arranxo ó criterio prezo, como aos criterios de adxudicación relacionados coa estabilidade no emprego.

TERCEIRO. Dispor o gasto correspondente por importe de 43.529,75 euros.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

SEXTO. Designar como responsable do contrato á Alcaldía da Corporación.

SÉTIMO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

OITAVO. Notificar a PAVIMENTOS NOIA OBRAS E CONTRATAS S.L, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e indicarlle que a formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación da resolución de adxudicación.

NOVENO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

UNDÉCIMO. Designar como Director Técnico das Obras a ao Técnico redactor do Proxecto, pertencente á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO.



E para que conste, aos efectos oportunos, expídese a presente da Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Outes, na data da sinatura electrónica, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

